

Este 6 de febreiro conmemórase a vixésima primeira edición do **Día de Internet Segura**, que ten o obxectivo de promover o uso seguro e positivo da tecnoloxía, especialmente entre nenos, nenas e as súas contornas máis próximas.

Como mostra do compromiso da Amtega coa ciberseguridade en todas as súas vertentes, e aínda que queden fóra do ámbito laboral, a continuación repasamos algunhas boas prácticas neste eido:

- Manter e fomentar unha **comunicación fluída** cos menores sobre o uso de Internet axuda a comunicarlles os riscos e as normas, e a coñecer as súas preocupacións e posibles incidencias.
- Os **programas de control parental** proporcionan confianza a proxenitores e menores nos seus [primeiros pasos](#) pola rede.
- As **actualizacións de seguridade** dos dispositivos e apps deben estar configuradas para que se apliquen automaticamente.
- As **redes sociais** son unha **fonte de risco** para os menores, [infórmate](#) e cóntallelo antes de que o descubran por si mesmos.
- Deben empregar [contrasinais robustos](#), sen repetilos **nin compartilos**.
- As **redes WiFi públicas**, poden facilitar accesos non desexados aos datos ou ao dispositivo. Cando non teñan acceso a Internet, é mellor que esperen a chegar á casa.



No portal web do Incibe hai unha [sección orientada a menores](#) (Internet Segura For Kids) que ofrece numerosas guías, materiais didácticos, ferramentas e outros materiais que poden resultar moi útiles.

Lembra que podes atopar máis información e consellos sobre ciberseguridade e protección de datos no portal ciberseguridadegalicia.gal